



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE MAIO DO 2022

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luís Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. D. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. José Manuel Cendán Fernández D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cuarenta e nove minutos do día trinta de maio do dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede das actas da sesión do días 06-04-2022 e 25-04-2022.

Sometida a votación a aprobación das “Acta da sesión do día 06-04-2022 e 25-04-2022” o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes, 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Dar conta cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria MAHP.

O concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 3.- Recoñecemento extraxudicial crédito 1/2022 e convalidación de obrigas adquiridas.

Dáse conta do informe de secretaría “Recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2022 e convalidación de obrigas adquiridas” de data 16 de maio de 2022 que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA





ASUNTO: *Recoñecemento extraxudicial de crédito n.º. 1/2022 e confirmación de abrigas adquiridas.*

Visto o procedemento incoado para o pago de 244.515,64 € con cargo ao orzamento do exercicio en curso, derivados de gastos aprobados en exercicios anteriores ao de 2022, os cales non foron obxecto do oportuno recoñecemento contable, así como dalgunhas abrigas que non seguiron os esenciais e preceptivos trámites de autorización administrativa, esencialmente os previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o funcionario que subscribe emite o seguinte

INFORME:

1º.- O principio de anualidade orzamentaria, tamén chamado de especialidade temporal, debe entenderse nun dobre sentido, como de anualidade de aprobación e anualidade de execución, no sentido de que os ingresos e gastos, previstos no mesmo, han de realizarse dentro do período anual.

2º.- Así o artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:

- a) Os dereitos liquidados no mesmo, calquera que sexa o período de que deriven.
- b) As abrigas recoñecidas durante o mesmo.
- c) As abrigas recoñecidas durante o exercicio.

3º Este artigo 163, a diferenza do artigo 34 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei_47/2003. de 26 de novembro) atende para a imputación temporal dos gastos, non ao criterio do pagamento, senón ao criterio do contraído, é dicir, criterio do momento que se recoñece ou se liquida a abriga.

4º Dentro das quebras e, no concernente ao principio de anualidade orzamentaria, temos tres figuras distintas:

- a) Os gastos plurianuais.
- b) Os expedientes de incorporación de remanentes.
- c) Os recoñecementos extraxudiciais de crédito.

É precisamente este último suposto o que agora nos ocupa.





5º.- Esta figura que xa viña recollida no artigo 448.3 d Texto Refundido aprobado polo R.D.L 781/1986, de 18 de abril, vén regulado actualmente no artigo 23.1 do devandito Texto Legal e no artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e aínda que nun principio puides supor unha contradición co artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e co artigo 47 da lei Xeral Orzamentaria (lei 47/2003, de 26 de novembro) que declara nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais no rango inferior a Lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta Lei, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ha declarado en doutrina reiterada, que son de obrigado cumprimento os compromisos adquiridos aínda con infracción de precepto e todo iso baseado no artigo 20 da Lei 47/2003 Xeral Orzamentaria que establece que as obrigas económicas do Estado nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereitos se xeren, e o propio Código civil que no seu artigo 1089 enumera entre os actos ou feitos xeradores de obrigas “os actos e omisións ilícitos ou en que interveñan culpa ou negligencia”.

O feito de non recoñecer as obrigas asumidas baseándose no principio de anualidade orzamentaria daría lugar tamén a aplicar a teoría do enriquecemento inxusto o usen causa para a Administración.

Todo iso sen prexuízo da responsabilidade de carácter civil, penal ou disciplinario a que fai referencia o artigo 175 da lei 47/2003 Xeral Orzamentaria.

6º.-Unha vez finalizado o exercicio orzamentario de 2021, figuran novamente créditos por valor de 244.515,64€, que non foron recoñecidos nos exercicios correspondentes ao carácter de crédito orzamentario, por tanto, a única solución posible para solucionar este problema é acudir ás previsións legais mencionadas anteriormente e aprobar o recoñecemento en base ao artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

7º.- Unha parte pequena das obrigas derivadas das facturas obxecto de recoñecemento e convalidación poderían ser obxecto de tramitación mediante a figura de contrato menor previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contas do Sector Público, que unicamente require da aprobación do gasto e posterior recoñecemento da obrigación, sen necesidade de formalización de contrato administrativo, tal como desprendese de dita figura prevista na citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, avalada pola interpretación que efectúa **a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda** -





Dirección Xeral do Patrimonio do Estado - no informe nº40/954, de 7 de marzo de 1996+ "Contratos menores".

Tamén é de significar que gran parte das obrigas a recoñecer pertencen a servizos de tracto sucesivo que por diversas causas foron emitidas no ano 2022 como son as correspondentes a Coemrcializadora-suministro enerxía eléctrica, SOGAMA-SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE e a empresa que xestiona o contrato do SAF "Servicios Sociais Virxe de Carme" ou o mantemento dos ascensores entre outros primordialmente. Tamén corresponden a subministracións eléctricos por parte de IBERDROLA, que consecuencia da licitación do subministro eléctrico mediante adhesión á central de contratación da FEMP, supuxo un cambio de subministrador de NATURGY-COMERCIALIZADORA a IBERDROLA cun importante aforro económico sobre algo máis de 70.000 euros anuais. Pois ben, IBERDROLA non facturou no exercicio 2021, emitindo as facturas do exercicio 2021 no exercicio 2022.

Na súa virtude, expostas as consideracións, e en atención á situación creada e á vista da doutrina xurisprudencial da teoría do enriquecemento inxusto da Administración sentada entre outras polas Sentenzas do Tribunal Supremo de 5-4-1994, R.A. 1994/4143; S. 13-5-1993, R.A. 1993/3413; S. 21-11-1981, R.A. 1981/5267, S. 12-2-1990, R.A. 1990/984; S. 25-4-1989. R.A. 1989/3476; S. 20-12-1988, R.A. 1988/10046; S. 26-1-1988, R.A. 1988/429; S. 20-10-1097. R.A. 1987/8667; S. 2-11-1987, R.A. 1987/7765; S. 29-12-1986, R.A. 1987/1574 R.A, 1985/934; S. 13-7-1984, R.A. 1984/4676; S. 12-6-1984, R.A. 1984/3463; S. 24-1-1984, R.A. 1984/153; S. 8-7-1983 R.A. 1983/3917; S. 8-2-1983, R.A. 1983/645; S. 26-1-1983, R.A. 1983/365; S. 12-1-1983, R.A. 1983/244; S. 18-10-1982, R.A, 1982/6389; S. 3-11-1980. R.A. 1980/4255; S. 29-10-1980, R.A. 1980/3964; S. 12-2-1979, R.A. 1979/908 a xuízo do funcionario que subscribe procede convalidas as facturas correspondentes ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e a súa aprobación Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio aordará o que estime conveniente, significando que conforme as bases de execución do orzamento e a teor do previsto no artigo 23. E do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes de 18 de abril, polo cal se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, en caso de existencia de consignación orzamentaria, a competencia para a súa aprobación





corresponde á Alcaldía, a sensu contrario, de non existir consignación orzamentaria a súa aprobación correspondería ao Pleno da Corporación.

Ares, a dezaseis de maio de 2022

O Secretario

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que a figura do recoñecemento extraxudicial para poder pagar a quen fixo o traballo xa que si vai ao xulgado ten o preito gañado pero non se pode regularizar a ilegalidade. Si que hai un informe para amparar a legalidade de pagalo a través da figura do recoñecemento extraxudicial pero falta o informe que xustifique o porque se contrataron eses servizos que agora hai que pagar sen ter o disposto na lei de contratos do sector público.

Co que respecta as facturas de electricidade veñen a dicir que a pesar de aprobar os orzamentos fai un mes, incluíron esta débeda que xa era coñecida nese momento nos orzamentos quero dicir, nós non nos negamos que os que traballan para o concello cobren, iso por suposto, pero si que nos negamos a que se contrate fora da lei e logo se regularice mediante esta figura. A débeda recoñecida e non pagada, tiña que estar reflectida como tal nos orzamentos que foron aprobados aínda agora en abril é dicir, a electricidade, o mantemento de ascensores, axuda a domicilio etc..., sabíase que había que pagalo si ou si aínda que non se soubese a cantidade exacta entón si nos quedamos curtos a esa previsión que facemos o lóxico é facer unha modificación de crédito e si o pago se traslada para o ano seguinte terá que aparecer nos orzamentos dese ano seguinte, entón como orzamento fixo senón chegan os cartos faise unha modificación de crédito e se sacan os cartos doutro lado e canto os contratos menores, porque non se contrataron como había que facelo a través dos procedementos de contratación que establecidos na lei, segundo a lei de contratos do sector público segundo a lei hai que explicar porque se contrataron eses servizos e agora se pagan fora do disposto regulamentariamente nós por todo, isto imos a votar en contra.

Remata a súa intervención a voceira do BNG.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que na comisión xustificouse isto polas facturas de electricidade que si é a maior contía, pero hai unha serie de facturas que non de electricidade polo tanto, novamente reivindicar a praza de interventor, hai unha falta de xestión de fiscalización e control de gasto e vaise a pechar o ano e servizos económicos debería de avisar as empresas que aínda non facturaron e despois que cando non hai cartos nunha partida vaise tirando da vinculación e despois ven isto.

Para resumir, en canto o informe de estabilidade orzamentaria que fixo o Sr. Secretario recalca o seguinte en observacións do interventor a información que se comunica “los datos poden estar sujetos a cambios salvo error u omisión cotando a insuficiencia de medios persoais nos servizos económicos e a falta de previsión da praza de interventor en consecuencia se efectúan las siguientes observaciones a efectos de dejar constar la falta de medios personales siendo la voluntad intentar cumplir en lo mas ajustado a la realidad los datos de orden HAP 2105” quero dicir, nós temos unha deficiencia ca baixa da tesoureira máis a falta dun interventor e estes temas poderíanse resolver si houbera unha xestión económica normal, neste caso estamos nunha anormalidade debido ao persoal que está de baixa e a falta dun interventor e isto ocasiona a que todas as facturas que veñen aquí hoxe a este recoñecemento e nós creemos que iso pódese superar e polo tanto o noso voto vai ser en contra.

Sometida a votación a aprobación das “**Recoñecemento extraxudicial crédito 1/2022 e convalidación de obrigas adquiridas**” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 en contra (3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 5.- Mocións-Proposta





Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG **“solicitar con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos”**

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE ARES

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Ares e conforme ao previsto no artigo no Regulamento de Organización Municipal, presenta ao Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As centrais sindicais maioritarias da comarca de Ferrol veñen de por en marcha unha campaña social en apoio do ex-secretario comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos, coa convocatoria dunha manifestación para o día 31 de maio e máis unha recollida de sinaturas apoiando a concesión do indulto para Pintos, que foi condenado pola Audiencia Provincial da Coruña a unha pena de 6 meses e un día de prisión e inhabilitación especial do dereito de sufraxio pasivo por ese tempo, pola comisión dun delito de atentado contra axente da autoridade, sentenza que vén de ser confirmada polo Tribunal Supremo.

Os feitos obxecto da condena tiveron lugar o 4 de outubro do ano 2012 formando parte dunha concentración que esa noite se formou diante do Hotel Almirante de Ferrol nunha acción de protesta fronte á plítica desenvolvida polo Partido Popular, polo lamentable estado da comarca, e pola inexistencia de medidas reais e efectivas do mantemento e a eración de emprego no deteriorado tecido industrial de Ferrolterra. No momento dos feitos atopábanse reunidas arredor dunhas trescentas persoas de todo signo e cor político e sindical (CCOO, UGT, CIG, USTG...), e coa presenza de multitude de delegados sindicais de diversos comités de empresa da comarca. Tratábase dunha acción plural na que as forzas vivas do sindicalismo e o progresismo da comarca estaban a reivindicar menos engaños e máis emprego fronte a unha política nefasta que estaba a arruinar o noso país e o sector naval en particular.

No grupo de persoas estaban colectivos tan variados como o comité de NAVANTIA FERROL, NAVANTIA FENE, ou POLIGAL, dirixentes sindicais, sindicalistas de todo tipo, políticos e xente aos que os unía o dereito de exercer unha protesta polo que consideraban unha errática política antisocial.

Neste contexto, nun momento determinado nesta acción, cando os presentes eran máis de trescentas persoas, produciuse a detención de Lopez Pintos, de forma absolutamente violenta, impropcedente e arbitraria, nunha acción policial claramente teledirixida, única e exclusivamente, a deter violentamente a esta persoa pois foi buscado entre a multitude e sen causa lexítima para iso, dado que era o secretario comarcal de Ferrol da CIG.

O dereito fundamental ao libre exercicio da actividade sindical (artigo 28 CE) ten os seus antecedentes históricos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948,





que establece o dereito de toda persoa a fundar sindicatos e sindicarse para a defensa dos seus intereses, así como no Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos, do 16 de decembro de 1966, que tamén establece a liberdade de asociación de orde laboral, sen permitir ao Estado menoscabar o exercicio da liberdade sindical. Tal dereito viuse truncado aquela noite coa arbitraria detención e posterior condena xudicial, a pesar de ser vítima Xesús Anxo López Pintos de malos tratos, o que quedou plasmado nos medios de comunicación.

A figura do indulto defínese legalmente como unha forma de extinción da responsabilidade criminal. A particularidade e a esencia do indulto atópanse en que a extinción da responsabilidade penal se produce como consecuencia dunha decisión do Consello de Ministros.

Mentres que os órganos xudiciais son chamados a impartir xustiza nos termos previstos polo artigo 117 da Constitución, o Goberno débese á defensa dos intereses xerais de conformidade co artigo 97 da mesma norma. E, precisamente para a consecución de tal obxectivo, a propia Constitución puxo á súa disposición a figura do indulto, entendendo que, en ocasións excepcionais, é necesaria a adopción de decisións políticas sobre cuestións previamente abordadas polo poder xudicial.

Para a concesión dun indulto será necesario que concorran en favor do condenado razóns de xustiza, equidade ou utilidade pública. E as tres concorren neste caso concreto. Non se debe esquecer o papel de Xesús Anxo López Pintos naquela concentración, onde defendía intereses, non propios, nin egoístas, senón colectivos ou xerais.

No BNG consideramos que a decisión que debe tomar o Goberno español respecto do indulto que se solicita para Xesús Anxo Pintos ten que estar loxicamente motivada e atender a unha perspectiva política e social. E a utilidade pública da súa decisión debe medirse polo efecto que proxecta sobre os intereses colectivos ou xerais e pola transcendencia que presenta a súa aopción para o común dunha sociedade, máis aló das repercusións particulares.

O cumprimento efectivo da pena de prisión xeraría un enorme sufrimento en Xesús Anxo López Pintos e a súa familia, que é francamente innecesario, máxima cano a día de hoxe leva xa tempo e situación de xubililación e os feitos ocorreron hai case dez anos.

É por isto que o Grupo Municipal do BNG presena a seguinte moción con proposta para o seu debate e aprobación polo Pleno:

1. O Concello de Ares insta ao Gogerno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.
2. O Concello de Ares insta ao Goberno do Estado a fin de solicitarle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos”

Em Ares a 9 de maio de 2022





Asdo.: Carmen Brage

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha moción presentada polo grupo BNG Ares sobre que é primeiro, instar ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos o segundo punto é o mesmo, é sobre a medida de graza de Xesús Anxo López Pintos para evitar o cumprimento da pena.

Cando esta moción foi presentada na comisión correspondente falamos de que si se podería facer como declaración institucional, as declaracións institucionais neste concello acórdanse por unanimidade, non porque sexa necesario, nós metemos unha declaración institucional e o pleno o aproba cos votos da maioría é dicir, non hai nada que impida que aprobemos como declaración institucional cos votos do PP en contra pero ben, aquí non se discute que se cometeu o delito, o delito cometeuse, aquí non se discute a condena porque foi condenado pero aquí o que pedimos é que no ingrese en prisión que para iso é o indulto efectivamente, si o PP sumarase a esta petición que é unha medida de graza pois a aprobaríamos como declaración institucional, non sei si o BNG quere engadir algunha cousa.

Toma a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que foi concedida a suspensión durante dous anos da entrada en prisión, a sentenza non foi anulada, simplemente foi suspendida durante dous anos a entrada en prisión, é distinto ao indulto é unha medida completamente distinta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o cumprimento dunha pena de prisión é unha medida de corrección e a finalidade é a inserción e eu creo que Pintos non necesita ningunha corrección para reinsertarse está totalmente integrado na sociedade polo tanto, eu creo que é unha pena que non ten sentido, non ten finalidade reeducativa e que non ten sentido a pena, é o único que pedimos, non entramos no debate de nada máis entón ben, non sei si o PP pódese sumar a esta medida de graza que non condiciona o que fixo, o que fixo foi o que fixo e a condena está aí agora, necesita entrar en prisión para reeducarse, eu creo que non, a finalidade non ten sentido, a media está tomada a reinsertión na sociedade e este home xa está reinsertado na sociedade, isto depende do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que xa sabedes a miña postura porque xa expliqueino na comisión, no ano 2012 na apertura da campaña electoral levou xente tirou a porta abaixo e agrediu a un policía, nós retiramos a denuncia porque veu a falar con nós a condena que ten polo dos mariscadores de Mugardos non podemos entrar, quero deixar claro que ca resolución da audiencia provincial a entrada queda suspendida durante dous anos senón comete ningún delito máis durante dous anos, eu creo que esta moción non ven a conto porque a responsabilidade a ten el, con non cometer ningún delito durante dous anos non ten que ir a cárcere, por iso creo que isto xa está. Por outro lado, nós creemos no estado de dereito e na separación de poderes, eu creo que iso é importante o legislativo, executivo e xudicial, nós respectamos as decisión xudiciais, así como as decisións do consello de ministros, trámites de acordo coa lei e dos órganos xudiciais es el competente en materia de indulto,





respectemos a todas las persoas, obviamente tamén ao Sr. Pintos nas accións que emprendan para a súa defensa. Nós pensamos que agora non podemos empezar con isto dos indultos e máis agora que temos un de actualidade, a señora que secuestrou aos fillos, creo que si nos como parte política entramos nisto e o goberna entra nos indultos ao final as accións xudiciais quedan en nada e mal imos así, eu creo que a lei é para todos e temos que respectala e hai que respectar a separación de poderes, nós somos unha administración pública e estamos suxeitos a legalidade e temos que cumprir co noso e o resto das institucións terá que cumprir co seu, eu contra o Sr. Pintos non teño nada e ademáis lévome ben pero eu creo que hai cousas que pásanse de freada e nós non somos culpables de que este señor cometera delitos anteriormente e non imos a xulgalos, nós imos a manternos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que para situarnos e intentar reconducir a situación simplemente a modo de exemplo Felipe González concedeu 5944 indultos, entre o ano 82 e o 86 é dicir 425 indultos por ano, os mais chamativos foron Juan Ormaochea, Presidente do PP de Cantabria, Alfonso Armada, un dos líderes do 23F e Xesús Gil e Gil expresidente do Athletic de Madrid. José María Aznar concedeu 5948 indultos, máis que Felipe González e en menos anos entre o ano 96 e o 2004 o dirixente que máis indultos asinou sendo Presidente do Goberno, asinou 700 ao ano entre os indultos que concedeu pois efectivamente temos a 10 dos 12 condenados polo secuestro de Segundo Marey o de José Barrionuevo e Rafael Vega polo GAL o de Carlos Navarro, Luis Oliveró e Alberto Flores polo caso FILESA o do xuíz Javier Gómez de Liaño polo asunto de POLANCO e destaca que foi o Presidente que máis indultos concedeu a condenados por corrupción a 139 condenados por corrupción indultounos, Zapatero concedeu 3381 entre o 2004 e o 2011 o banqueiro Alfredo Sainz do Banco Santander o de Antonio de la Hoz Uranga por colaborar con ETA no secuestro dun industrial e efectivamente outros indultos que loxicamente non vou a enumerar Mairano Rajoy concedeu 898, 16 relacionadas por delitos de corrupción, indultou a dous comandantes condenados polo caso Yak - 42 todos sabemos o que pasou aí, e logo efectivamente a diferentes empresarios condenados por desviar fondos e Pedro Sánchez leva 70 indultados e efectivamente decídesme que o Sr. Pintos merece entrar en prisión e todo esta recua que acabo de nomear non, home non me enfasties.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que non se trata diso para que se conceda o indulta hai que cumprir unha serie de requisitos.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que si se solicita será porque cumpre.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que neste caso xa está absolto por la audiencia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non esta absolto.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que absolto non está, pero non vai a entrar en prisión.





Responde o Sr. Alcalde sinalando que a responsabilidade criminal está intacta, simplemente concedéronlle unha redución condicional da pena durante dous anos e efectivamente a responsabilidade criminal segue aí, o indulto é liberalo da responsabilidade criminal entón, coa historia de indultos dos nosos partidos, Felipe González, Aznar, Zapatero etc... coas historias que temos enriba, non merece este home o indulto fronte a calquera dos que acabo de nomear.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que iso non o vai a discutir.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que entón vote a favor.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, e a primeira vez en democracia que ven un indulto a administración local e eu creo que non estamos para isto, nós non queremos entrar nisto para iso están outros organismos como dixen antes, hai unha separación de poderes.

Responde o Sr. Alcalde preguntando porque non as separou Aznar, que foi o que máis indultos concedeu.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é distinto porque teñen competencia para iso.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que nós temos competencia para solicitalo, non para concedelo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non imos a entrar nisto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo como non se vai a entrar, estamos falando de que o Sr. Pintos entre en prisión, as cousas hai que poñerlles cara, o Sr. Pintos non merece entrar en prisión ao lado de todos estes que os indultaron por favor, é unha medida de graza, por caridade Cristiá.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG

Intervén a Sra. Brage Otero en canto o que está dicindo o voceiro do PP que hai que separar os poderes, realmente a actividade sindical, é unha actividade paralela a actividade política e ao fin e ao cabo do que se trata é de mirar por traballadores de apoiar o sentimento de rabia e a dúbida que tiñan do seu posto de traballo aqueles traballadores que non deixan de ser veciños/as e que todo que ten que ver coa actividade laboral repercute no movemento social, repercute na sociedade, entón e que estaban defendendo e protestando pola súa situación laboral deles e a situación económica das súas familias e de toda a comarca, a separación de poderes si pero...





Interrompe o Sr. Alcalde dirixíndose ao voceiro do PP e manifestándolle que o Sr. Pintos non merece entrar en prisión, polo que fixo non o merece, simplemente é iso, por simpatía, por empatía eu non sei como dicilo, ninguén entra na razón de porque se lle condenou, ninguén cuestiona a decisión xudicial simplemente dicimos que se lle exima da responsabilidade criminal, é unha situación que coñecemos todos, ao lado dos outros indultos é unha vergoña ata os do PROCESS como non vai a ter o indulto o Sr. Pintos, aquí indultan ao que ten contactos o que move fíos e chega ao consello de ministros o indultan, e fundamentalmente ricos, así é como se moven os indultos por contactos, e corruptos moitos e os indultan sen devolver o que roubaron e este home alí simplemente defender o que defendía, igual non eran as maneiras pero merece entrar en prisión.

O Sr. Alcalde pregunta si se aproba como declaración institucional.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non, vanse manter na súa posición.

O Sr. Alcalde manifesta que se vai a romper a dinámica e polo tanto propón que se aprobe como declaración institucional, aprobase co voto en contra do PP sodes minoría e a maioría en democracia decide.

O Sr. Alcalde pregunta a voceira do BNG si acepta que se aprobe como declaración institucional.

Responde a Sra. Brage Otero dicindo que si, pero non é imprescindible que sexa declaración institucional.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que non é imprescindible porque a declaración institucional coloca ao ente é dicir, a corporación municipal é o que o pide, non o PSOE nin o BNG o pide a corporación.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que si o Sr. Secretario non ten nada en contra.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que entón sería o pleno do concello de Ares que solicita o indulto.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que é verdade que somos maioría,.





Intervén o Sr. Alcalde dirixíndose ao Sr. José Manuel Cendán Fernández maniféstalle que no lle parece xusto, tedes a decisión de retirarlle a denuncia e agora...

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que eles xa o perdoaron, senón chegamos a retirar a denuncia as consecuencias ían a ser graves.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que si o perdoastes agora porque non te sumas ao indulto.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que naquel momento había moita xente, estaba media NAVANTIA alí.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que el lesionou a un policía, e o problema eran os antecedentes que tiña que o máis grave foi o de Mugar dos, eu xa sei que por agresión non entras en prisión, pagas os danos e xa está.

Intervén novamente o Sr. Alcalde manifestando que cree que non merece entrar en prisión porque neste caso a sentenza porque coa pena non ten ningunha función entón, procedemos a votar como declaración institucional, sumarnos a petición do indulto e si o conceden está claro que será un xusto, porque nos podemos rir todos da gran maioría dos indultos.

Sometida a votación a aprobación da **“Declaración institucional en virtude do cal o concello de Ares se suma para solicitar con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos”** o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 BNG) e 3 en contra (3PP), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que tiñan pensado unha moción pedindo a reanudación das obras da estrada de Chanteiro pero xa empezaron hoxe, polo tanto non temos ningunha.

Punto núm. 6.- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Responde a Sra. Brage Otero sinalando que non.

Pide a palabra o voceiro do PP.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia as resolución 227/22, 204/22, 191/22 e 190/22.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que en canto as resolución 190/22 e 191/22 hai unha sentenza e hai que executala.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que vai para os dous.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a propiedade e dos dous, non é que a propiedade sexa de un e un gañara e que as obras as teñen que executar os dous porque a vivenda e dos dous.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que está perdido con este tema, porque este tema xa empezou cando eu era Alcalde por iso fago a pregunta, vamos a ver o irmán que esta en Suíza e o propietario do baixo quixo arranxar a fachada da vivenda e as irmáns o impediron e eu agora me perdo porque se sanciona aos dous.

Interrompe o Sr. Alcalde dicindo que a sentenza a teñen que cumprir os dous, a sentenza lle da a razón a un pero ten que executar polo tanto teñen que facelo os dous, e como si fora unha comunidade de veciños, realmente é unha propiedade horizontal que está dividido por pisos froito dunha herdanza entón, cada un ten a súa cota de participación na sentenza e teñen que poñerse de acordo na execución, é unha situación complicada porque é un problema familiar pero o concello ten que executar a sentenza, nós instamos a que se execute, e si o outro non lle deixa pois ten que alegalo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que viu que a orde de execución era para os dous e eu sabía que el quería arranxar a vivenda e que a irmá non podía porque non tiña cartos. Cando se fixo a expropiación e se lles pagou ao final para que non houbera conflito porque puxeran unhas pancartas alí a Xunta se fixo a obra e eles quedáronse cos cartos, eu xa sei que é xente bastante conflictiva pero haber como se soluciona porque senón vanlles a seguir sancionando, isto non ten boa solución.

Intervén o Sra. Marcos García dicindo que máis intentos para arranxar a situación non se poden facer.

Toma palabra o Sr. Alcalde manifestando que ao final terán que arranxalo, terán q executar a sentenza, un vai a executar e unha vez que o faga vai a pedir o embargo doutro, eu creo que tamén busca iso.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que estiveron aquí os dous pero por parte da irmá non hai forma.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que ao final un vai a executar e vai ser acredor do outro e o outro ten de propiedade a casa e vaille a embargar eu estou convencido que vai a ser así polas malas, eu executo e o que ten que poñer o outro pois é un crédito preferente sobre a propiedade.





Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que isto empezou no 2013.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que antes.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando pola resolución 204/22 a aprobación dunha factura da asociación cultural agrupación musical santa compañía e pola resolución 227/22 GESICO COMPRA DE IMPAGOS S.L.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a Conselleira de Cultura.

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro sinalando que en canto a resolución 204/22 a aprobación dunha factura da asociación cultural agrupación musical santa compañía é unha actuación da rede de deputación e foron a festa do erizo en Chanteiro, sempre lle damos unha actuación a cada entidade e esta foi a que elixiron e a factura da Asociación de Veciños de Ensache A é o grupo de teatro que estivo en febreiro.

Intervén o Sr. Alcalde facendo referencia a resolución 227/22 GESICO COMPRA DE IMPAGOS S.L.. sinala que agora mesmo non sei de que é.

Responde o Sr. Secretario manifestando que foi dun material que se mercara que o concelleiro o devolveu e logo o reenviaron outra vez.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a unhas xuntas de goberno no que se fan consta dúas sentencias a do 5 de maio que debe ser pola terraza do Mourón e a outra é un contencioso de D. José Fernández Sánchez.

Responde o Sr. Secretario dicindo que esa é a do armario de IKEA que o instalou no no Río da Cachorra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que o armario o pegou a parede do veciño, o veciño quere pintar e lle dixo que desmontara o armario e o outro non desmontou o armario, como non o desmontou veu aquí o veciño a preguntar si ten licenza municipal o armario, non tiña licenza municipal e lle mandamos desmontar o armario para que o veciño puidera pintar pois ben, gañou o do armario e o fixo porque ao ser móbil e non estar fixo non necesita licenza pero entón efectivamente senón e fixo que o desmonte para que o outro pinte pero non tiñamos que ver niso.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández recordando que tamén tiveran un contencioso na urbanización Granxares un veciño solicitou para instalar unha piscina pero vai unha rúa e montouna igual pero é que a sentenza decía que mentres non se execute as obra da rúa, eso se fixo e agora habería que meterse e abrir a rúa, iso non se pode deixar porque iso é unha cacicada e vai a quedar cos anos alí.





Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que neste caso foi un armario que , sorprendentemente a nós nos quita a razón que se pode colocar sen licenza e a veciña lle obriga ir a un civil, obrígalle a ir a un procedemento de servidume de paso porque o código civil ampara o paso de obras, pero iso xa é un tema civil.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si o concello ten licenza para obrigar a retirar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, porque non ten licenza de obra, nós o que defendíamos era que necesitaba licenza porque cravouna, si estivera móbil pero a cravou ao chan e a parede, como din que non necesita licenza porque é móbil si está ancorada na parede e no chan pero ben, agora o veciño ten que ir ao civil para que lle deixen pintar o penal.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando pola reclamación que fixo Gaspar pola Avda. Gaspar Rodríguez.

Reponde a Sra. Marcos García dicindo que son dous os que fan a reclamación, unha Gaspar e outra Nicolás Gallego

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non entende nada, non son os propietarios.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que si.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que queren sacarse o tema de enriba, Melchor veu aquí e dixo que o concello ten seguro asumides vos as catas e listo.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando si querían que asumirán o derribo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, os danos se causaron nas paredes medianeiras, a ruína non tiña tellado aí entraba auga a mansalva e acabou lavando o sedimento das paredes medianeira entón a outra casa agretouse entón el dicía que como o concello ten seguro porque non asumíamos que a responsabilidade era nosa da rúa, nós lle dixemos que non terá que ser un xuíz o que decida, posiblemente é responsabilidade compartida, non o sei, seguramente son varios os factores que se produciron aí, hai un río detrás, unha ruína que cae auga son diferentes factores, pero nós asumilo sen máis non.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero preguntando si pode intervir, non ten nada que ver cas resolución.

Responde o Sr. Secretario dicindo que si.





Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que finais de febreiro solicitei a nome do grupo BNG información sobre un peche en Centeás e a verdade e que me destes unha explicación verbal, pero eu quixera que xa que fixen a petición por escrito que a contestación fora por escrito tamén.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que as contestacións as damos nas comisións ou nos plenos e quedan reflectidas no acta.

Continúa a Sra. Brage Otero sinalando que no mesmo mes de febreiro máis adiante lle pedín a concellería de urbanismo si podería ver calquera de nós os concelleiros e non tivemos contestación, reiteramos a petición o nove de maio e non tivemos contestación para ver o expediente.

O Sr. Alcalde pregunta a Concelleira de Urbanismo si sabía desta petición.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que da petición de ver o expediente non o sabía do outro si.

Continúa a Sra. Brage Otero dicindo que foi rexistrado o 28 de febreiro e logo o 20 de maio.

Pregunta o Sr. Alcalde si esas foron as datas da petición para ver o expediente.

Responde a Sra. Brage Otero dicindo que si.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a Sra. Marcos García que se poñan de acordo nun día para que poda velo.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que entende que leva un tempo pero que xa pasou bastante.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non hai ningún problema, teoricamente a vista de expedientes é de expediente completo, mentres o expediente non está rematado non hai nada que ver, este expediente está xudicializado, non chegamos a un acordo para que cumpra o que nós entendemos que está mal e ela vai ao contencioso pero ben, non hai ningún problema e poder ver o expediente.

Remata o Sr. Alcalde, pregunta si hai algunha outra pregunta.

Non hai.





E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

